

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE XUÑO DE 2020

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dous de xuño de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Faise constar, igualmente, que das persoas relacionadas anteriormente, asistiron á sesión con carácter presencial, no despacho da Alcaldía municipal, don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Aviso da Deputación Provincial da Coruña, remitido por correo electrónico o 20 de maio de 2020, no que se lembra que o cómputo do prazo para a xustificación das subvencións previsto nas Bases xerais reguladoras das convocatorias de subvencións do ano 2019, establecido para o día 30 de abril de 2020, quedou suspendido polo Real decreto 463/2020, do 14 de maro, polo que se declara estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ata que perda vixencia o dito real decreto ou, no seu caso as súas prórrogas.

Non obstante, infórmase que durante o estado de alarma poden seguir presentándose as xustificacións das subvencións a través da plataforma Subtel, co fin de axilizar o seu pagamento.

### **3º. Expediente de contratación**

### **3.1. Adjudicación da obra de impermeabilización na cuberta do polideportivo municipal dos Campóns (Sigrás), á empresa Cabodeiro, S.L., no prezo ofertado de 11.397,50 € sen IVE (13.790,98 € IVE incluído). Exp. 2020/C002/000031**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 07/02/2020 asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, unha Memoria valorada para a execución das obras de impermeabilización na cuberta do Polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás), por un importe de 11.882,50 € sen IVE (14.377,83 € IVE incluído).

Con data 11/2/2020 a arquitecta técnica municipal emite informe de conformidade técnica.

Con data do 12/02/2020 asínase polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal un Anexo á Memoria elaborada, sobre o servizo de coordinación de seguridade e saúde da obra.

Con data do 13/02/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade da contratación para a Obra de impermeabilización na cuberta do Polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás) nas competencias propias do Concello que recolle o artigo 25.2, apartado l) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, para a promoción do deporte e instalacións deportivas e a ocupación do tempo libre, así como na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, que no seu artigo 8.3, sinala como competencias municipais "Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal...", esto co fin de acadar a boa conservación e mantemento dos polideportivos municipais, por iso considérase precisa a citada contratación, urxente e necesaria debido ao uso intensivo da pista polideportiva e para asegurar unha práctica deportiva segura, co fin de reparar as filtracións de auga na pista de xogo, motivo polo cal se suspenderon actividades extraescolares e partidos federados de hockey.

Con data 18/02/2020 emítese documento contable de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342.62200.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adjudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 10/03/2020 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- Imperchoiva S.L.
- Cabodeiro, S.L.
- Luz Coruña, S.L.

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Imperchoiva S.L.	11.882,50 €	14.377,83 €
Cabodeiro, S.L.	11.397,50 €	13.790,98 €
Luz Coruña, S.L.	11.640,00 €	14.084,40 €

formulando proposta de adxudicación das obras de impermeabilización na cuberta do Polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás), á entidade *Cabodeiro, S.L.*, con NIF ----4331, domicilio en C/ Ría Viveiro 13, baixo, local 1, 15142 Arteixo, no prezo ofertado de 11.397,50 € sen IVE, 13.790,98 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 22/04/2020, e mailo informe de fiscalización número 115/2020 Reparos 51 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 28/04/2020.

Visto o informe do arquitecto municipal, de data 18 de maio de 2020, relativo aos reparos formulados pola Intervención municipal, no que conclúe que as obras contempladas no contrato non consisten na edificación dunha nova construción polo que non se require a redacción dun proxecto de edificación, ademais de que as obras non afectan ás características da cuberta anteriores ás tarefas de mantemento, polo que non é necesario o informe do art. 235 da LCSP.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con data do 19 de maio actual, no que se xustifican os reparos emitidos pola Intervención Municipal e se solicita ao Alcalde o levantamento dos mesmos, esto tendo en conta que o Polideportivo Municipal de Os Campóns supón unha zona de actuación onde se desenvolven actividades dirixidas, entre outras, ao ensino da materia de educación física do IES David Buján, as escolas deportivas municipais, e o deporte federado especialmente hockey e uso libre para clubs, asociacións, e particulares, sendo un dos polideportivos con maior uso intensivo, polo que si as obras de referencia non se inician con premura, as obras no van a poder finalizarse antes do reinicio da nova normalidade.

Tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 653/2020 de 21 de maio na que, á vista dos informes emitidos polo arquitecto municipal e máis polo coordinador de actividades culturais e educativas, se levanta o reparo formulado.

Visto que a entidade proposta como adxudicataria presentou documento de conformidade coa continuación co procedemento, que foi rexistrado o día 20 de maio de 2020 ao número 202099900000994.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello respecto da promoción do deporte e instalacións deportivas e a ocupación do tempo libre, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos limiares descritos no artigo 118.1.

Vistos os informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas do 20 e 26 de marzo respectivamente, en relación coa tramitación de procedementos durante o estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020 do 14 de marzo.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo.

Tendo en conta, así mesmo, que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 suspendéronse os termos e interrompéronse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, se ben, tal e como consta nos informes emitidos pola secretaria xeral da Corporación con datas dos días 20 e 26 de marzo de 2020, poderá continuarse cos procedementos cando os interesados presten a súa conformidade con que non se suspendan os prazos, e toda vez que consta no presente expediente a conformidade da empresa proposta como adxudicataria para continuar co procedemento, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria elaborada para execución da obra consistente na impermeabilización na cuberta do Polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás), por un importe de 11.882,50 € sen IVE, 14.377,83 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 342 62200.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000031, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato da obra de impermeabilización na cuberta do Polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás) á entidade *Cabodeiro, S.L.*, con NIF -----4331, domicilio na rúa Ría Viveiro 13, baixo, local 1, 15142 Arteixo, no prezo ofertado de 11.397,50 € sen IVE, 13.790,98 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, para cuxa realización contará coa colaboración do coordinador de actividades culturais e educativas municipal, don José Luís Martínez Názara .

Tendo en conta que non consta a designación da coordinación de seguridade e saúde, faise constar que o adxudicatario non levará a cabo ningunha actuación mentres non reciba a notificación relativa ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

**Sétimo:** Notifíquese ao arquitecto municipal e mais ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, así como aos departamentos de Urbanismo e Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.2. Adxudicación da obra “Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Canarga, S.L.”, no prezo ofertado de 113.966,94 euros sen IVE (137.900,00 IVE incluído). Exp. 2019/C003/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000005 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 161.790,07 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 12 de febreiro de 2020, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 12 de febreiro de 2020, a prol do licitador “Canarga, S.L”, no prezo ofertado de 113.966,94 euros sen IVE (137.900,00 euros IVE incluído), cun prazo de garantía de 5 anos, e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, Programa de traballo e Programa de actuación ambiental ofertados pola empresa, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data 12 de marzo de 2020.

Visto que a entidade proposta como adxudicataria presentou documento de mantemento da súa oferta, que foi rexistrado o día 13 de maio de 2020 ao número 202099900000906.



Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 21 de maio de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 133/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de maio actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo,

Tendo en conta así mesmo que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, se acorda o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e se permite que se continúe coa tramitación dos procedementos de contratación, a condición de que a súa tramitación se realice por medios electrónicos, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 19 de decembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Canarga, S.L.
- Construcciones Cernadas, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.

**Segundo:** Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 4 de febreiro de 2020 que foi ratificado pola Mesa de Contratación segundo consta en acta de data 12 de febreiro de 2020, as seguintes puntuacións outorgadas aos tres licitadores admitidos a esta licitación, correspondente aos criterios de valoración que constan na Cláusula 15.1 *Apertura e valoración das ofertas, 1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliábeis de forma automática mediante fórmulas* e no Anexo IV, Fase I, do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

EMPRESAS	Fase I
Canarga S.L.	18,85
Construcciones Cernadas S.L	20,00
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	13,40

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 12 de febreiro de 2020, as seguintes puntuacións, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na Cláusula 15.2 *Apertura e valoración das ofertas, 2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábeis de forma automática* e no Anexo IV, Fase II do Prego de cláusulas administrativas particulares, así como o límite para considerar as ofertas presentadas como anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 133.610,63 euros (IVE incluído), e sen que ningunha das presentadas se atope en tal circunstancia.

EMPRESAS	Oferta económica	Puntuación	Prazo de garantía	Puntuación	Puntuación total
Canarga S.L.	137.900,00 €	34,46	5	25	59,46
Construcciones Cernadas S.L.	148.393,85 €	19,32	5	25	44,32
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	143.184,21 €	26,83	5	25	51,83

**Cuarto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 12 de febreiro actual, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha delas se atope incurso en presunción de resultar anormalmente baixa:

EMPRESAS	1ª FASE	2º FASE	TOTAL
Canarga S.L.	18,85	59,46	78,31
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	20,00	44,32	65,32
Construcciones Cernadas S.L.	13,40	51,83	64,32

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 12 de febreiro de 2019, adjudicar a obra "Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase II", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, á empresa "Canarga, S.L.", con NIF B-----0902 e domicilio en El Paleo s/n -15175 Carral (A Coruña), no prezo ofertado de 113.966,94 euros sen IVE (137.900,00 euros IVE incluído), un prazo de garantía de 5 anos e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, programa de traballo e programa de actuación medioambiental ofertados, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse no control de calidade ofertado, así como na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sétimo:** Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, ao que, de conformidade co establecido no art.62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adxudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en licitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ao coordinador de seguridade e saúde que resulte designado segundo exp. nº 2020/C004/000007, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo, e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.3. Adxudicación da obra “Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 da Deputación provincial da Coruña, a prol do licitador “Canarga, S.L.”, no prezo ofertado de 75.867,77 euros sen IVE (91.800,00 IVE incluído). Exp. 2019/C003/000006**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre. (A Coruña). Fase III”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de



competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 105.413,49 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 12 de febreiro de 2020, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 12 de febreiro de 2020, a prol do licitador "Canarga, S.L.", no prezo ofertado de 75.867,77 euros sen IVE (91.800,00 euros IVE incluído), cun prazo de garantía de 5 anos, e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, Programa de traballo e Programa de actuación ambiental ofertados pola empresa, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 12 de marzo de 2020.

Visto que a entidade proposta como adxudicataria presentou documento de mantemento da súa oferta, que foi rexistrado o día 13 de maio de 2020 ao número 202099900000907.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 21 de maio de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 134/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 25 de maio actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e mailo disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo,

Tendo en conta así mesmo que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, se acorda o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e se permite que se continúe coa tramitación dos procedementos de contratación, a condición de que a súa tramitación se realice por medios electrónicos, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 19 de decembro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Canarga, S.L.
- Construcciones Cernadas, S.L.

- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.

**Segundo:** Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data do 11 de febreiro de 2020 que foi ratificado pola Mesa de Contratación segundo consta en acta de data 12 de febreiro de 2020, as seguintes puntuacións outorgadas aos tres licitadores admitidos a esta licitación, correspondente aos criterios de valoración que constan na Cláusula 15.1 *Apertura e valoración das ofertas, 1ª Fase: Valoración dos criterios non avaliábeis de forma automática mediante fórmulas* e no Anexo IV, Fase I, do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

EMPRESAS	Fase I
Canarga S.L.	20,65
Construccinoes Cernadas S.L	22,35
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	12,65

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 12 de febreiro de 2020, as seguintes puntuacións, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na Cláusula 15.2 *Apertura e valoración das ofertas, 2ª Fase: Valoración das ofertas económicas e demais criterios avaliábeis de forma automática* e no Anexo IV, Fase II do Prego de cláusulas administrativas particulares, así como o límite para considerar as ofertas presentadas como anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 87.841,06 euros (IVE incluído), e sen que ningunha das presentadas se atope en tal circunstancia:

EMPRESAS	Oferta económica	Puntuación	Prazo de garantía	Puntuación	Puntuación total
Canarga S.L.	91.800,00 €	30,12	5	25	55,12
Construccinoes Cernadas S.L.	98.793,50 €	14,65	5	25	39,65
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	93.290,94 €	26,83	5	25	51,83

**Cuarto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e tendo en conta a proposta formulada pola Mesa de Contratación con data do 12 de febreiro actual, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha delas se atope incurso en presunción de resultar anormalmente baixa:

EMPRESAS	1ª FASE	2º FASE	TOTAL
Canarga S.L.	20,65	55,12	75,77
Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	22,35	39,56	64,48
Construccinoes Cernadas S.L.	12,65	51,83	62,00

**Quinto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 12 de febreiro de 2019, adxudicar a obra "Proxecto de mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase III", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+2019 da Deputación provincial da Coruña, á empresa "Canarga, S.L.", con NIF B-----0902 e domicilio en El Paleo s/n -15175 Carral (A Coruña), no prezo ofertado de 75.867,77 euros sen IVE (91.800,00 euros IVE incluído), un prazo de garantía de 5 anos e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, programa de traballo e programa de actuación medioambiental ofertados, por ser a entidade que obtén

a maior puntuación en aplicación dos criterios que constan na cláusula 15 e Anexo IV do PCAP e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse no control de calidade ofertado, así como na baixa económica ofertada e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos, criterios nos que a empresa obtivo a maior puntuación.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Sétimo:** Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, ao que, de conformidade co establecido no art.62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias con fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación de seguridade e saúde para a presente obra corresponderalle ao licitador que resulte adxudicatario do expediente nº. 2020/C004/000007, que actualmente se atopa en licitación, e que ten por obxecto a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde en varias obras de construción entre as que se atopa a obra obxecto deste contrato.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e ao coordinador de seguridade e saúde que resulte designado segundo exp. nº 2020/C004/000007, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo, e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou impugnaldo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.4. Devolución da garantía definitiva á empresa “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” (INSTELEC). adxudicataria da obra de “Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodríguez, Praza Miguel Ángel Blanco e outras” comprendida no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”. Exp. 2017/C005/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 25 de abril de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)* para a “Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodríguez, Praza Miguel Ángel Blanco e outras”, comprendido no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2017”. Expediente 2017/C005/000004

Visto que no antedito expediente depositouse en metálico, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 22/03/2018 e importe de 1.742,71 euros, con número de rexistro 811, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal Ignacio Fernández Díaz, con data do 07 de abril de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 20/05/2020.

Visto que, con data do 27 de maio actual, a empresa adxudicataria do contrato presentou un escrito con número de rexistro 202099900001079 amosando a súa conformidade á continuación da tramitación do procedemento de devolución da garantía definitiva depositada para garantir a execución do contrato.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do (TRLCS) Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade *“Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC).”*, con CIF B1502... e enderezo na Rúa Hermita nº34, 15008, A Coruña, no expediente número 2017/C005/000004, para a *“Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodríguez, Praza Miguel Ángel Blanco e outras”*,

comprendido no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017"

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade coa Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos ata que perda vixencia a suspensión, ou as súas posibles prórrogas.

Unha vez sexa levantado o estado de alarma, ou as súas posibles prórrogas, contra o presente acordo, e toda vez que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos concelleiros delegados de área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 de maio ao día 28 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 637/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 671/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
637/2020	18-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a G.H.P.S. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
638/2020	18-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a J.A.V.V. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
639/2020	18-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.J.B.B. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
640/2020	18-05-2020	Reposición legalidade urbanística por execución de obras sen licenza e danos en camiños en finca sita na Estrada da Estación, Cambre
641/2020	18-05-2020	Reposición legalidade urbanística por execución de obras non incluídas no orzamento da comunicación previa de reforma interior presentada en edificación sita en Anceis



642/2020	18-05-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2020
643/2020	19-05-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 22 de maio de 2020
644/2020	19-05-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 21 de maio de 2020
645/2020	19-05-2020	Recoñecemento de obrigas correspondente a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 5.845,90 euros
646/2020	19-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.N.P. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
647/2020	19-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.C.D.V. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
648/2020	19-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a A.M.B.C. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
649/2020	20-05-2020	Corrección de erros resolución de alcaldía núm. 645/2020, de data 19/05/2020 (2020/G003/000662)
650/2020	21-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a I.M.P.A. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
651/2020	21-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a L.M.L.S. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
652/2020	21-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a O.C.B. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
653/2020	21-05-2020	Decreto levantamento de reparos relativos á obra de impermeabilización na cuberta do Polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás)
654/2020	21-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a E.N.R.O. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
655/2020	21-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a R.E.D.M. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
656/2020	21-05-2020	Reposición legalidade urbanística por construción de muro en finca sita en Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada
657/2020	21-05-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Estanque de Abaixo, O Temple. Propiedade: Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria (SAREB).
658/2020	21-05-2020	Aprobación da modificación da solicitude de subvención ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2019 da S. Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo FSE e polo PE contra a violencia de xénero, debido á imposibilidade de desenvolver as actividades previstas na solicitude con expediente 2020/G003/000327 por mor do Covid 19
659/2020	21-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a V.E.S.S. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
660/2020	21-05-2020	Reposición legalidade urbanística por acopio de contedores en finca sita en Travesía da Igrexa, O Temple, Cambre
661/2020	22-05-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 27.509,02 euros

662/2020	22-05-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bribes. Propiedade: M.M.B.
663/2020	22-05-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 27 de maio de 2020
664/2020	25-05-2020	Convocatoria do grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións (PES) para o 28.05.2020
665/2020	26-05-2020	Solicitude subvención PACES (Pactos dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable)
666/2020	26-05-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de abandono de parcela sita en Sigrás. Propiedade: J.G.C. e outros
667/2020	26-05-2020	Solicitude de devolución de ingresos indebidos pola taxa por licenzas urbanísticas, realizada por J.M.F.A.
668/2020	27-05-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras de vertido de augas pluviais á calzada sen licenza ou comunicación previa presentada en finca sita en Sigrás. Propiedade: J.F.R.
669/2020	28-05-2020	Resolución de pagamento da nómina de maio de 2020 por un importe bruto de 348.332,75 euros
670/2020	28-05-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de abril de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de maio de 2020.
671/2020	28-05-2020	Proposta de aprobación de facturas con reparos da Intervención municipal por importe total de 89.641,62 euros

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria  
María Luisa de la Red Ampudia